

Consello de Contas
de Galicia



MEMORIA DE ACTIVIDADES

EXERCICIO 2016

ÍNDICE

MEMORIA ANUAL EJERCICIO 2016.....	3
MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES EJERCICIO 2016.....	4
I. INTRODUCCIÓN	4
II. COMPOSICIÓN E ACTIVIDADE DOS ÓRGANOS DE GOBERNO	5
II.1. COMPOSICIÓN	5
II.2. ACTIVIDADE DOS ÓRGANOS COLEXIADOS	7
II.2.1. PROXECTOS NORMATIVOS/INSTRUCIÓNS	7
II.2.2. CONVENIOS DE COLABORACIÓN	8
II.2.3. OUTROS ASUNTOS	9
III. ACTIVIDADE DE FISCALIZACIÓN	9
III.1. A FUNCIÓN FISCALIZADORA	9
III.2. INFORMES APROBADOS POLO PLENO DO CONSELLO NO ANO 2016.....	10
III.3. COMUNICACIÓNS OU DENUNCIAS PRESENTADAS ANTE O CONSELLO DE CONTAS	13
IV. PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN	13
IV.1. DESENVOLVEMENTO REGULAMENTARIO DA NOVA FUNCIÓN	13
IV.2. PROGRAMA DE ACTIVIDADES	14
V. ACTIVIDADE XURISDICCIONAL DERIVADA DOS INFORMES DO CONSELLO DE CONTAS	15
VI. DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS	15
VI.1. PERSOAL.....	15
VI.2. FORMACIÓN	16
VI.3. BIBLIOTECA E ARQUIVO	17
VI.3.1. ARQUIVO E XESTIÓN DOCUMENTAL	18
VI.3.2. BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN	18
VI.4. SERVIZO DE INFORMÁTICA	20
VI.4.1. PROXECTOS DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN	20
VI.4.2. PROXECTOS DE SUBMINISTRACIÓNS	20
VI.4.3. PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO	21
VI.4.4. OUTROS PROXECTOS	21
VII. ACTIVIDADE INSTITUCIONAL	21
VIII. PARTICIPACIÓN EN ORGANOS COLEXIADOS: COMISIÓN DE TRANSPARENCIA.....	22
IX. EXECUCIÓN ORZAMENTARIA 2016	23
IX.1. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS	23
IX.1.1. CRÉDITOS INICIAIS. MODIFICACIÓNS E CRÉDITOS DEFINITIVOS	23
IX.1.2. OBRIGAS E PAGAMENTOS	24
IX.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS	27
IX.2.1. PREVISIÓNS INICIAIS, DEREITOS E RECADACIÓN.....	27

MEMORIA ANUAL EJERCICIO 2016

En cumprimento do previsto no artigo 20 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e no artigo 50 do Regulamento de réxime interior aprobado pola Comisión permanente non legislativa para as relacións do Parlamento de Galicia co Consello de Contas, preséntase a Memoria anual correspondente ao exercicio 2016, integrada polos seguintes documentos:

Documentos
Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2016 Contas anuais da Institución referentes ao exercicio 2016
Informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia
Declaración definitiva da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, exercicio 2015 (PT2017)
Informe de fiscalización da Conta Xeral da Administración, exercicio 2015 (PT2017)
Informe económico-financieiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2015 (PT2017)
Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2015 (PT2017)
Informe de fiscalización de Fondos Europeos, exercicio 2015 (PT2017)
Informe de fiscalización sobre a Contratación dos servizos de limpeza no ámbito hospitalario do Sergas, exercicio 2015 (PT2015)
Informe de fiscalización Traslado de pacientes en medios extraordinarios de transporte non urxente, exercicios 2008-2015 (PT2016)
Informe de fiscalización Selectiva da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 (FPUSG-061), exercicio 2014 (PT2016)
Informe sobre as contas rendidas no ano 2016 correspondentes ao exercicio 2015 (PT 2016)
Informe de fiscalización do Concello de Narón, exercicio 2013 (PT2015)
Informe de fiscalización do Concello de Ferrol, exercicio 2013 (PT2015)
Informe da Conta Xeral das Entidades Locais de Galicia, exercicio 2015 (PT2017)

MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES EJERCICIO 2016

I. INTRODUCCIÓN

O Consello de Contas de Galicia, ente fiscalizador das contas e da xestión económico-financeira do sector público galego, foi creado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. A Lei de Galicia 6/1985, modificada pola Lei 4/1986, do 26 de decembro, e pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, regula a súa organización e funcionamento.

O Tribunal Constitucional, na súa Sentenza 18/1991, do 31 de xaneiro, precisou, entre outras cuestións, que as competencias do Consello de Contas en materia de axuízamento serán exercidas, no seu caso, por delegación do Tribunal de Cuentas.

Por Acordo do 23 de febreiro de 2017 da Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas do Parlamento de Galicia aprobouse o Regulamento de Réxime Interior da Institución, ultimándose deste xeito o marco legal no que exerce as súas funcións.

O inicio das actividades do Consello de Contas produciuse o 1 de marzo de 1991, ao tomar posesión dos seus cargos os cinco conselleiros designados polo Parlamento de Galicia. De acordo co previsto na disposición transitoria 2ª da Lei do Consello de Contas, tres conselleiros foron renovados aos tres anos, isto é en 1994, para así poder axustar os nomeamentos dos conselleiros á renovación parcial na forma legalmente establecida, tres e dous, mantendo a duración dos seus mandatos en seis anos. Posteriormente en 1994, 1995, 1997, 2000, 2003, 2007, 2009, 2013, 2015 e 2016 foron efectuados polo Parlamento de Galicia os nomeamentos dos distintos conselleiros.

A Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do Consello de Contas, incide sobre a finalidade de reforzar as competencias deste órgano de control externo da Comunidade Autónoma, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Pola súa relevancia, destacamos algunhas das novidades que presenta esta nova regulación:

Atribúenselle ao Consello de Contas as competencias en materia de prevención da corrupción no ámbito da actividade económico-financeira do sector público da Comunidade Autónoma, creando unha nova sección no Consello de Contas, a de Prevención da Corrupción, que estará presidida polo conselleiro ou conselleira maior e asistida por todo o persoal do Consello.

No ámbito da fiscalización, adiántase a data de rendición da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, que queda fixada no 30 de setembro; ademais, o Consello asume a competencia de fiscalizar a evolución dos bens patrimoniais das persoas que ocupen altos cargos no sector público autonómico e refórzase o mecanismo de inicio dos procedementos de fiscalización a través de comunicacións de persoas físicas ou xurídicas.

No ámbito consultivo, ábrese a vía para que o Consello, a petición dos órganos competentes, poida emitir informes facultativos que unifiquen os criterios que permiten levantar os reparos que no ámbito da Administración local e en materia económico-financieira se poidan presentar. Ademais, o Consello pasa a ser a institución asesora da Cámara lexislativa en materia económico-financieira e asume a competencia de responder as consultas que se lle formulen sobre a execución e liquidación dos orzamentos autonómicos, así como sobre os proxectos normativos que afecten os ingresos e os gastos públicos.

II. COMPOSICIÓN E ACTIVIDADE DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1. COMPOSICIÓN

A composición orgánica do Consello de Contas é a establecida polo artigo 6 da citada Lei 6/1985, modificada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto. Segundo o disposto nesa norma, son órganos da Institución de control externo: o Pleno; o conselleiro ou conselleira maior; a Comisión de Goberno; as Seccións de Fiscalización, de Axuizamento, e de Prevención da Corrupción; os conselleiros e conselleiras; e a Secretaría Xeral. As funcións que corresponden a cada un destes órganos detállanse nos artigos comprendidos entre os números 7 ao 11 do antedito texto legal. Ao Pleno atribúenselle competencias en materia de fiscalización, axuizamento e prevención da corrupción, xunto con outras de réxime interno; os outros órganos exercen funcións de carácter máis específico: de fiscalización e axuizamento e prevención da corrupción, no caso das Seccións; de administración e réxime interno, no da Comisión de Goberno.

Doutra banda, as atribucións do conselleiro maior consisten na representación institucional, convocar e presidir o Pleno, a Comisión de Goberno e a Sección de Prevención da Corrupción, e na xestión interna (exercer a xefatura superior de persoal, ordenación de gastos e pagos, contratación de obras, servizos e subministracións, entre outras). A Secretaría Xeral constitúe un órgano de apoio aos anteriores.

O 9 de marzo de 2016 tomaron posesión no Parlamento os novos conselleiros D. Constantino Carreiras Souto e Dña. Beatriz Rodríguez Fraga. O Pleno do Consello de Contas desta mesma data constituíuse con estes novos membros e nomeou presidenta da Sección de Fiscalización a Dona M^a Begoña Villaverde Gómez.

O 28 de outubro, a secretaria xeral Dona Isabel Torralba Mena cesa neste cargo e asume a súa substitución o auditor D. Manuel José Santana Suárez.

A 31 de decembro de 2016, a composición dos órganos do Consello é a seguinte:

O Pleno:

Presidente: Excmo. Sr. Don José Antonio Redondo López
Vogais: Excma. Sra. Dona Ana María Otero López
Excma. Sra. Dona María Begoña Villaverde Gómez
Excmo. Sr. Don Constantino Carreiras Souto
Excma. Sra. Dona Beatriz Rodríguez Fraga
Secretario: Ilmo. Sr. Don Manuel José Santana Suárez

Durante o exercicio 2016 o Pleno do Consello de Contas reuniuse en 19 sesións.

Comisión de Goberno:

Presidente: Excmo. Sr. Don José Antonio Redondo López
Vogais: Excma. Sra. Dona Ana María Otero López
Excma. Sra. Dona M^a Begoña Villaverde Gómez
Secretario: Ilmo. Sr. Don Manuel José Santana Suárez

Durante o exercicio 2016 a Comisión de Goberno reuniuse en 14 sesións .

Sección de Fiscalización

Está integrada por tódolos membros do Consello e presidida pola conselleira Dona María Begoña Villaverde Gómez.

Durante o exercicio 2016 a Sección de Fiscalización reuniuse en 10 sesións.

Sección de Axuizamento

Está integrada por tódolos membros do Consello e presidida pola conselleira Dona Ana María Otero López.

Sección de Prevención da Corrupción

Está integrada por tódolos membros do Consello e presidida polo Conselleiro Maior D. José Antonio Redondo López.

A adscrición dos conselleiros ás diferentes áreas prodúcese do seguinte xeito:

- Área de Coordinación Xeral: Excmo. Sr. D. José Antonio Redondo López
- Área do Sergas: Excma. Sra. Dona Ana María Otero López
- Área de Institucional: Excma. Sra. Dona Beatriz Rodríguez Fraga
- Área de Conta Xeral: Excmo. Sr. D. Constantino Carreiras Souto
- Área de Corporacións Locais: Excma. Sra. Dona María Begoña Villaverde Gómez

Como anexo a esta memoria, xúntanse dous cadros explicativos, un do organigrama de funcionamento das Seccións de fiscalización e axuizamento e outro da Administración en xeral.

II.2. ACTIVIDADE DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

No exercicio 2016, a actividade dos órganos colexiados, en número de sesións celebradas reflíctese no seguinte cadro:

Número de sesións dos órganos colexiados

Órganos colexiados	Nº de sesións
Pleno	19
Comisión de Goberno	14
Sección de Fiscalización	10
Sección de Axuizamento	--
Sección de Prevención da Corrupción	1
Total sesións	44

Pola súa relevancia, desglósase no seguinte cadro o número de asuntos tratados/acordos adoptados polo Pleno tendo en conta as materias ás que afectan:

Asuntos tratados/acordos adoptados polo Pleno

Asunto/materia	Nº de asuntos
Aprobación informes de fiscalización	23
Proxectos normativos/instrucións	4
Medidas orzamentarias	3
Medidas en materia de persoal/RPT	3
Plan anual de traballo	2
Autorización de convenios	4
Acordos sobre comunicacións ou denuncias	18
Coñecemento escritos Tribunal de Cuentas	60
Outros asuntos	15
Total asuntos	132

II.2.1. PROXECTOS NORMATIVOS/INSTRUCIÓN

A aprobación do proxecto de Regulamento de réxime interior

En cumprimento das previsións da propia lei, o Pleno do Consello de Contas aprobou na sesión do 15 de xullo de 2016 o novo proxecto de Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia. O proxecto foi presentado o mesmo día ao Parlamento de Galicia, e foi aprobado pola Comisión non lexislativa para as relacións co Consello de Contas o 23 de febreiro de 2017 e publicado no DOG do día 7 do mes de marzo.

Esta norma, ademais de desenvolver de forma pormenorizada a función de fiscalización e regular as novas funcións consultivas e de prevención da corrupción, marca novos retos de tipo organizativo, de planificación e de procedemento, que o Consello debe abordar dentro do plan de traballo para o ano 2017, como a posta en marcha da Comisión de Prevención da Corrupción; o desenvolvemento do plan estratéxico da Institución; o desenvolvemento dunha ordenación de RRHH; a elaboración dun código ético-institucional do Consello de Contas; ou o desenvolvemento de manuais e guías de fiscalización.

O novo regulamento delimita a natureza, funcións e principios de actuación do Consello de Contas, recolle os aspectos organizativos, destacando a regulación da nova Sección de Prevención da Corrupción, e establece normas procedimentais sobre a planificación de actuacións, o deber de colaboración, as funcións de fiscalización e prevención da corrupción, e o resto das funcións atribuídas ao Consello de Contas. Por último, adica un título ao persoal e á organización administrativa, pechando o regulamento o réxime de relacións institucionais.

Instrucións aprobadas

No ámbito da fiscalización das entidades locais, o Consello aprobou as seguintes instrucións:

- Instrución relativa ao artigo 118.3 do TRLRFL en relación coa información sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados por interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa (sesión do Pleno do 27.01.16).
- Instrución relativa á remisión telemática ao Consello de Contas de Galicia dos extractos dos expedientes de contratación e das relacións anuais dos contratos celebrados polas entidades do Sector Público Local de Galicia (sesión do 22.02.16).
- Instrución que regula o formato normalizado da Conta Xeral das Entidades Locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición (sesión do 31.05.16).

II.2.2. CONVENIOS DE COLABORACIÓN

Comisión mixta formada por representantes do Consello de Contas e da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Unha das novidades da Lei 8/2015 foi a creación dunha comisión mixta formada por representantes do Consello de Contas e da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma co obxectivo de intercambiar información implantando a rendición telemática, facilitar o acceso á documentación e mellorar o seguimento das recomendacións contidas nos informes de control. A lei establece que a composición, a organización e o funcionamento da comisión regularanse nun convenio de colaboración.

O Pleno do Consello de Contas na sesión do 22 de febreiro de 2016 autorizou a sinatura deste convenio, que se materializou o 5 de abril de 2016. En maio de 2016 tivo lugar a sesión constitutiva da comisión e a toma de posesión dos membros das dúas Institucións. Nunha segunda sesión, no mes de outubro abordáronse aspectos como a información a intercambiar cara á planificación dos traballos de control, canle e periodicidade da remisión desta información ou o acceso aos distintos sistemas contables e plataformas informáticas, e outra documentación necesaria para as sucesivas

fiscalizacións, así como actuacións normativas, técnicas ou materiais a desenvolver para a implantación da rendición telemática da Conta Xeral da Comunidade Autónoma.

Outros convenios aprobados polo Pleno:

- Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública, e o Consello de Contas de Galicia, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación (sesión do 22.02.2016).
- Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública, o Valedor do Pobo e o Consello de Contas de Galicia, para o desenvolvemento do curso superior de especialización en transparencia, bo goberno e datos públicos (sesión do 21.07.2016).
- Adenda ao convenio de colaboración suscrito entre o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, para a remisión de extractos de expedientes anuais de contratos e convenios de compromisos económicos que non superen os 600 mil euros (sesión do 17.10.16).

II.2.3. OUTROS ASUNTOS

- Aprobación do réxime provisional aplicable á presentación, publicidade e comunicación ao Parlamento das declaracións de actividades e de bens patrimoniais dos conselleiros e conselleiras do Consello de Contas de Galicia e da persoa titular da súa Secretaría Xeral (sesión do 27.01.16).
- Aprobación da Táboa de avaliación documental do Consello de Contas nº 0001, correspondente á serie documental "Documentación contable e xustificantes de gasto da Conta da Administración" e da presentación da correspondente proposta de avaliación ante o Consello de Avaliación Documental de Galicia (sesión do 17.10.16).
- Aprobación da implantación dunha ferramenta corporativa de xestión de auditoría do Consello de Contas (sesión do 21.12.16).
- Estudo e consideración da proposta de creación, modificación e supresión de ficheiros de datos de carácter persoal do Consello de Contas (sesión do 21.12.16).
- Estudo e consideración do documento de seguridade da Lei orgánica de protección de datos (sesión do 21.12.16).

III. ACTIVIDADE DE FISCALIZACIÓN

III.1. A FUNCIÓN FISCALIZADORA

Ao delimitar as competencias fiscalizadoras do Consello, a Lei 6/1985 sinala que o sector público galego está composto pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades

instrumentais do sector público autonómico, as entidades locais e organismos dependentes, as universidades públicas do sistema universitario de Galicia e as súas entidades e empresas dependentes e as corporacións de dereito público.

Como órgano estatutario, que emana do Parlamento de Galicia, o Consello de Contas exerce as súas funcións con plena independencia e sometemento ao ordenamento xurídico, actuando de oficio, a petición do Parlamento de Galicia, por delegación do Tribunal de Cuentas ou do Tribunal de Cuentas Europeo, cos que, ademais, pode colaborar en tarefas fiscalizadoras.

A función fiscalizadora do Consello de Contas comprende a actividade económico-financeira e contable do sector público de Galicia, e as subvencións, créditos, axudas, avais, exencións fiscais concedidas por aquel, así como os contratos celebrados polos entes públicos sinalados. Todo isto con criterios de legalidade, eficacia, eficiencia e economía. Ten, ademais, encomendada a emisión de ditames e consultas que lle soliciten as institucións e os entes públicos, en materia de contabilidade pública e de xestión económica e financeira.

Os traballos de fiscalización do Consello de Contas conclúen coa emisión de informes que se presentan ao Parlamento de Galicia. Os informes de fiscalización realízanse por iniciativa do propio Consello de Contas, que os inclúe no plan de traballo que anualmente se remite ao Parlamento de Galicia, ou ben a iniciativa deste último, ou como consecuencia de comunicacións ou denuncias.

As fiscalizacións poden ser de tres tipos: de cumprimento, financeiras e operativas. Nas fiscalizacións de cumprimento verifícase se as actividades cumpren, en tódolos aspectos significativos, coa normativa que as regula; nas financeiras, se a información financeira se presenta de conformidade co marco normativo que lle resulte aplicable; e nas operativas, analízase se as actuacións, programas, e institucións se xestionan de conformidade cos principios de economía, eficiencia e eficacia. Pódese dar o caso de que se combinen os distintos tipos de fiscalización.

Os informes, na fase de anteproxecto, unha vez coñecidos pola Sección de Fiscalización, sométense ás alegacións dos entes fiscalizados. Á vista das alegacións formuladas redáctase, pola área correspondente, un proxecto de informe que se somete á consideración da Sección de Fiscalización, que acorda o seu paso ao Pleno para a súa aprobación. Unha vez aprobados polo Pleno, os informes remítense ao Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia, aos organismos e entidades fiscalizadas, e ao Tribunal de Cuentas.

III.2. INFORMES APROBADOS POLO PLENO DO CONSELLO NO ANO 2016

O Programa anual de actividades para o exercicio 2016 foi aprobado polo Pleno do Consello de Contas na súa sesión do 12 de decembro de 2015. O plan de traballo foi presentado polo Conselleiro Maior no Parlamento de Galicia o 26 de febreiro de 2016.

O Plan anual recolle as fiscalizacións que se realizan en cumprimento dun mandato legal, as solicitadas polo Parlamento, as previstas en colaboración co Tribunal de Cuentas, e as programadas por iniciativa do Consello de Contas.

Tendo en conta que o proceso de execución das fiscalizacións se prolonga máis alá de cada exercicio, cada ano o Pleno aproba informes referidos a distintos plans de traballo. De forma prioritaria aténdese respecto de cada Plan á execución e aprobación dos informes de Conta Xeral (programados en cumprimento dun mandato legal) referidos ás contas rendidas en outubro do exercicio anterior, aos efectos de acadar o obxectivo de achegamento da data dos informes ao ano fiscalizado, seguindo a recomendación que se ten feito desde a Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas.

Durante o ano 2016 o Pleno do Consello aprobou un total de 23 informes, que se detallan no seguinte cadro:

Memoria de Actividades 2016

Informes de fiscalización aprobados en 2016

Informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia aprobados en 2016	Aprobación polo Pleno	Envío ao Parlamento
Declaración definitiva sobre o exame e comprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, exercicio 2014	13-07-2016	15-07-2016
Informe de fiscalización da Conta Xeral da Administración, exercicio 2014	13-07-2016	15-07-2016
Informe de fiscalización do Plan Ágora. Agora Re-comercia, ex.2010-2013	26-04-2016	15-07-2016
Informe de fiscalización do Programa de Ordenación das producións forestais, ex. 2013	26-04-2016	15-07-2016
Informe de fiscalización de Subvencións e Axudas da Administración da Comunidade Autónoma (Fondos Propios), ex. 2012-2013	13-07-2016	15-07-2016
Informe de fiscalización de Encomendas de Xestión, ex. 2013	13-07-2016	15-07-2016
Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, ex. 2014	31-05-2016	15-07-2016
Informe de fiscalización sobre os Obxectivos da Área do Sergas formulados no documento Orzamentario, ex. 2011-2013	26-04-2016	15-07-2016
Informe de fiscalización dos Fondos europeos, ex. 2014	13-07-2016	15-07-2016
Informe de fiscalización dos Fondos de compensación interterritorial, ex 2013	26-04-2016	15-07-2016
Informe económico financeiro das Entidades Instrumentais Autonómicas, ex. 2014	13-07-2016	15-07-2016
Informe sobre as contas rendidas en 2015 correspondentes ao exercicio 2014	13-07-2016	15-07-2016
Informe de fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos formulados polas intervencións locais. Concellos entre 25.000 e 100.000 habitantes, ex.2013	26-04-2016	15-07-2016
Informe de fiscalización sobre o Plan de pago a provedores das entidades locais de Galicia, ex.2013	26-04-2016	15-07-2016
Informe de fiscalización da Conta Xeral das Entidades Locais, ex. 2014	26-04-2016	15-07-2016
Informe de fiscalización da Xestión recadatoria de tributos, prezos públicos e outros delegados polos concellos, na Deputación de A Coruña, ex. 2012	31-05-2016	15-07-2016
Informe de fiscalización da Xestión recadatoria de tributos, prezos públicos e outros delegados polos concellos, na Deputación de Lugo, ex. 2012	31-05-2016	15-07-2016
Informe de fiscalización da Xestión recadatoria de tributos, prezos públicos e outros delegados polos concellos, na Deputación de Pontevedra, ex. 2012	31-05-2016	15-07-2016
Informe de fiscalización da Xestión recadatoria de tributos, prezos públicos e outros delegados polos concellos, na Deputación de Ourense, ex. 2012	31-05-2016	15-07-2016
Informe de fiscalización do Concello de Viveiro, ex. 2011	13-07-2016	15-07-2016
Informe de fiscalización dos Servizos Técnicos de Mantemento no ámbito sanitario do Sergas, exercicio 2014	17-10-2016	16-02-2017
Informe de fiscalización Selectiva da Fundación Pública Centro de Transfusións de Galicia (CTG), exercicio 2013	23-11-2016	16-02-2017
Informe de fiscalización do Concello de Ames, exercicio 2013	23-11-2016	16-02-2017

En xullo de 2016 o Conselleiro Maior presentou no Parlamento de Galicia 20 destes informes de fiscalización, ademais das contas e a memoria de actividades da Institución do ano 2015. Os restantes informes aprobados foron enviados ao Parlamento en febreiro de 2017.

Os informes de fiscalización aprobados polo Pleno do Consello de Contas de Galicia durante o ano 2016 atópanse dispoñibles a texto completo na sede web da Institución www.ccontasgalicia.es.

Nesta dirección recóllese unha relación completa de todos os informes de fiscalización que o Consello de Contas de Galicia presentou ao Parlamento de Galicia desde o inicio da súa actividade e a versión electrónica dos informes posteriores ao exercicio 1996. Para consultar os anteriores, é dicir, os correspondentes aos exercicios 1990 a 1995, é preciso pórse en contacto coa biblioteca da Institución, onde se facilitará a súa consulta.

III.3. COMUNICACIÓNS OU DENUNCIAS PRESENTADAS ANTE O CONSELLO DE CONTAS

O artigo 24 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, establece que o procedemento para o exercicio da función fiscalizadora tamén poderá iniciarse de oficio por acordo do Pleno do Consello de Contas, logo da comunicación presentada por persoa física ou xurídica.

Os artigos 65 e 66 do Regulamento de réxime interior regulan a tramitación das comunicacións ou denuncias e as actuacións complementarias que poden desenvolverse cando o Consello tivese coñecemento da existencia de feitos ou comportamentos que puidesen ser constitutivos de responsabilidade contable para os efectos de ampliar os feitos e cualificar, con maior coñecemento daqueles, a existencia de indicios desta responsabilidade.

No exercicio 2016 o Pleno da Institución estudou 18 denuncias de persoas físicas respecto das que adoptou as seguintes decisións:

- Respecto de sete denuncias presentadas, o Pleno acordou o seu arquivo por referirse a cuestións que non entraban na competencia da Institución.
- Unha denuncia foi remitida á Fiscalía por se os feitos denunciados fosen constitutivos de responsabilidade penal.
- Dous escritos de denuncia foron remitidos ao Tribunal de Cuentas para depurar posibles responsabilidades contables.

Nas restantes denuncias, o Pleno acordou a toma en consideración dos feitos denunciados de cara á elaboración dos vindeiros Plans de traballo.

IV. PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN

IV.1. DESENVOLVEMENTO REGULAMENTARIO DA NOVA FUNCIÓN

Como xa se indicou anteriormente, a Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, supón o reforzamento institucional do Consello a través da atribución de novas competencias, entre as que destacan as relacionadas coa prevención da

corrupción, a fiscalización e control da actividade económico-financeira das formacións políticas que perciban subvencións da Comunidade Autónoma, no marco establecido na normativa do Estado, e a evolución dos bens patrimoniais das persoas que ocupen altos cargos no sector público autonómico.

O feito de que o Consello de Contas sexa a primeira institución de control externo de España á que se lle atribúen competencias específicas en materia de prevención da corrupción, esixiu a realización dun esforzo importante na configuración, deseño e desenvolvemento desta nova función, que se plasmou na elaboración e presentación ao Parlamento de Galicia do proxecto de Regulamento de réxime interior en xullo de 2016.

O regulamento contén nos dez artigos (do 52 ao 61) do Capítulo IV do Título III a concreción e o desenvolvemento dos elementos esenciais da nova función de prevención da corrupción contidos na Lei 8/2015. Este desenvolvemento trata de dotar de operatividade o contido das novas funcións, concretando os elementos de detalle que permiten a definición, no marco establecido pola lei, dun auténtico modelo de realización das novas funcións preventivas en materia de corrupción, a través da concreción de instrumentos técnicos, procedementos de control, seguimento e avaliación, accións de concienciación no sector público, os instrumentos de colaboración e, finalmente, completar a organización deseñada coa posta en marcha da Comisión Técnica de Prevención da Corrupción.

IV.2. PROGRAMA DE ACTIVIDADES

En decembro do ano 2016 a Sección de Prevención da Corrupción aprobou o primeiro programa de actividades deste órgano e, dentro do mesmo, as liñas de traballo de avaliación dos sistemas de prevención nas distintas entidades do sector público autonómico que integraría as actuacións do Plan de Traballo de 2017 e concretou a sistemática a seguir nestas actuacións:

- Elaboración e aprobación das directrices técnicas para a análise da situación dos sistemas de control interno das entidades integrantes do Sector Público Autonómico.
- Realización dunha avaliación do control interno de xeito diferenciado para o subsector Administración xeral da CA, subsector da Administración institucional e subsector Administración local, con base en cuestionarios sobre a situación dos sistemas de control interno.
- Realización do estudo-diagnóstico da situación dos sistemas de control interno das entidades integrantes do Sector Público Autonómico e formulación de recomendacións por parte da Sección de Prevención da Corrupción do Consello de Contas ás distintas entidades sobre a necesidade de implantación de sistemas de prevención de riscos de corrupción.
- Elaboración e aprobación de ferramentas metodolóxicas para a implementación de sistemas de prevención de riscos de corrupción, singularmente guías técnicas de avaliación de riscos de xestión e

de corrupción e modelos tipo de plans de prevención da corrupción, para a súa posta a disposición das entidades integrantes do Sector Público Autonómico.

V. ACTIVIDADE XURISDICCIONAL DERIVADA DOS INFORMES DO CONSELLO DE CONTAS

No exercicio 2016 a Sección de Axuizamento do Tribunal de Cuentas abriu 22 procedementos de responsabilidade contable (dilixencias preliminares que pasaron á fase xurisdiccional contable) derivados dos informes de fiscalización do Consello de Contas.

Neste exercicio non existiron no Consello de Contas actividades xurisdicionais practicadas por vía de delegación do Tribunal de Cuentas, ao non se producir ningunha delegación do devandito tribunal nese sentido.

VI. DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS

VI.1. PERSOAL

A actual relación de postos de traballo do persoal do Consello de Contas de Galicia, publicada no DOG nº 6 de 10.01.2006 e modificada por un acordo do ano 2012 e outros dous do ano 2013, experimentou unha nova modificación ao longo do ano 2016, en virtude do acordo do Pleno do 03.05.2016, publicado no DOG do 13.06.2016, pero que non tivo efectos sobre o número e a tipoloxía dos postos de traballo da Institución.

Durante o exercicio 2016 non se desenvolveu ningún procedemento de provisión de postos de traballo, limitándose á cobertura en comisión de servizos de tres postos de Auditor, convocada por acordo da Comisión de Goberno de 08.04.2016 e resolta polo acordo do 22.04.2016.

Durante o ano 2016 non se produciu xubilación algunha do persoal da Institución.

A estrutura do persoal resultante do exercicio, a 31 de decembro de 2016, é a seguinte:

Memoria de Actividades 2016

Persoal funcionario			
Denominación do posto de traballo	Con dotación orzamentaria	Ocupadas	Vacantes
Auditor, nivel 30	10	10	0
Interventor	1	1	0
Letrado Maior, nivel 30	1	1	0
Letrado, nivel 28	1	1	0
Auditor, nivel 28	6	5	1
Xefe Servizo Informática	1	1	0
Xefes de Sección	3	3	0
Técnico de Informática	1	1	0
Técnicos de Auditoría	22	21	1
Axudantes de Auditoría	12	10	2
Axudante Arquivo e Biblioteca	1	1	0
Administrativo de Informática	1	1	0
Secretaria/o do Secretario Xeral	1	1	0
Aux.-Admvo. (secretario/a n. 30)	2	2	0
Auxiliar-Admvo., nivel 16	16	15	1
Total persoal funcionario	79	74*	5

* 8 Prazas ocupadas por persoal interino

Persoal laboral			
Denominación do posto de traballo	Con dotación orzamentaria	Ocupadas	Vacantes
Conductor de Alto Cargo	6	6	0
Conserxe	1	1	0
Subalerno	1	1	0
Total persoal laboral	8	8	0

Persoal eventual			
Denominación do posto de traballo	Con dotación orzamentaria	Ocupadas	Vacantes
Técnico Asesor	1	0	1
Secretaria/o	5	5	0
Total persoal eventual	6	5	1

No referente ao ámbito da negociación colectiva e da representación e participación do persoal, a Mesa Xeral de Negociación do Persoal Funcionario do Consello de Contas de Galicia constituída o día 15 de decembro do 2008, mantivo dúas reunións durante o ano 2016, nas que se trataron diferentes asuntos da súa competencia.

VI.2. FORMACIÓN

O 8 de xullo de 2008 asinou un convenio de colaboración coa "Fundación para a Formación e Investigación en Auditoría do Sector Público" (FIASEP). Coa sinatura deste convenio o Consello de

Contas adquiriu a condición de entidade colaboradora de FIASEP, integrándose, en consecuencia, como membro de pleno dereito no Consello Superior de Actividades da fundación, ostentando a partir dese momento a facultade de nomear un representante no pleno do devandito consello, así como en todas as comisións creadas no seu seo. Así mesmo, a Institución alcanza un trato preferente no campo da formación impartida pola fundación, tanto mediante cursos de ámbito xeral como en termos de formación a medida para o persoal ao seu servizo.

No seguinte cadro reflíctense os cursos e outras actividades convocados pola FIASEP nos que participou persoal da Institución ao longo do exercicio 2016:

Cursos FIASEP 2016	Nº Participantes
Auditoría de las Entidades Locales	2
Curso avanzado de "Excel 2010"	1
Introducción a la Auditoría de sistemas de la información	1
Total	4

Así mesmo, coa participación do FIASEP e na sede da Escola Galega de Administración Pública en virtude do convenio de colaboración coa mesma, o Consello de Contas organizou a actividade formativa "Normas técnicas de fiscalización dos OCEX", ao que asistiron trinta funcionarios da Institución, máis outros quince procedentes doutras administracións.

Por outra banda, quince funcionarios da institución asistiron ao VII Congreso Nacional de Auditoría no Sector Público, celebrado en Toledo, do 16 ao 18 de novembro de 2016 e outros seis acudiron ao "Seminario de Auditoría Operativa", organizado pola Audiencia de Contas de Canarias os días 25 a 27 de setembro en Sta. Cruz de Tenerife.

Por último, no marco dos convenios de colaboración que o Consello de Contas de Galicia ven asinando anualmente coa Escola Galega de Administración Pública, diferentes funcionarios da Institución asistiron a múltiples cursos organizados polo citado centro, debéndose subliñar o organizado conxuntamente co Consello de Contas, entre o 15 e o 30 de setembro, referente a "A reforma do procedemento administrativo común das AA PP e o réxime xurídico do Sector Público e a súa incidencia no funcionamento das Institucións de Control Externo", ao que asistiron trinta e oito funcionarios da Institución e o "Curso superior de especialización en transparencia, bo goberno e datos públicos" celebrado entre novembro de 2016 e xaneiro de 2017.

VI.3. BIBLIOTECA E ARQUIVO

A Sección de Arquivo e Biblioteca constitúe unha unidade administrativa do Consello de Contas de Galicia cuxa función é a xestión dos recursos de información institucionais: documentación de arquivo e publicacións propias, e a obtención dos recursos bibliográficos e documentais necesarios

para o desempeño das actividades de control do sector público galego e as actividades administrativas corporativas.

VI.3.1. ARQUIVO E XESTIÓN DOCUMENTAL

No relativo á xestión da documentación administrativa, esta Sección desempeña as funcións propias dun arquivo central, realizando tarefas de recollida, instalación, descrición e servizo ás unidades produtoras dos fondos documentais da Institución.

Durante o ano 2016, no Arquivo entraron 137 unidades de instalación transferidas desde as unidades de xestión e as áreas de fiscalización que foron reinstaladas e descritas ao longo do ano. Tamén ingresaron 86 contratos rendidos que foron remitidos desde a Secretaría Xeral. O Arquivo realizou 68 préstamos de documentos para a súa consulta nos despachos. Os datos quedan recollidos no seguinte cadro resumo:

2016: Unidades de instalación ingresadas e descritas– Unidades documentais prestadas

	Conta Xeral	Coordinación	Corporacións Locais	Institucional	Sergas	Secretaría	TOTAL
Ingresadas	27	42	---	--	--	68	137
Descritas	27	42	---	--	--	68	137
Prestadas	--	---	---	4	49	15	68
Contratos rendidos							
	Nº de documentos			Rexistros descritos			
	86			86			

VI.3.2. BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN

Para o desenvolvemento das funcións propias dun servizo de Biblioteca, realízanse actividades de carácter técnico, de selección e tratamento da información, e tarefas de prestación de servizos a usuarios internos e a institucións e usuarios externos. Estas actividades teñen como obxecto o subministro de información adecuada e aliñada coas metas do Consello, a promoción da educación e o desenvolvemento profesional do persoal, a accesibilidade, a rapidez e a pertinencia na atención ao usuario.

Dentro dos procesos técnicos son fundamentais os de localización e adquisición de fondos e documentos, e os que teñen como obxecto o control dos recursos bibliográficos mediante a súa incorporación ao catálogo automatizado da Biblioteca. Os datos que resumen o desempeño neste sentido son os seguintes:

Rexistros catalogados 2016

Monografías	Publicacións seriadas	Exemplares publicacións seriadas	Analíticas de periódicas e monográficas	Total
181	9	330	546	1.066

Rexistros dados de baixa 2016

Monografías	Publicacións seriadas	Exemplares publicacións seriadas	Analíticas de periódicas e monográficas	Total
13	2	0	0	15

Número total de Rexistros no Catálogo a 31/12/2016

Rexistros Monografías	Rexistros Publicacións seriadas	Rexistros exemplares publicacións seriadas	Rexistros Analíticas de periódicas e monográficas	Total
9.624	393	9.737	11.123	30.877
Recursos electrónicos (e-books, bases de datos e outros)				695

A Sección de Arquivo e Biblioteca como centro de documentación presta servizos de atención personalizada en sala, facilitando información sobre fondos ou servizos propios, efectuando buscas bibliográficas e localizando fondos doutras bibliotecas ou servizos documentais. Pódese estimar que durante o ano 2016 a Biblioteca recibiu 881 visitantes entre o persoal da Institución. Os datos recollidos no seguinte cadro recollen o número de solicitudes atendidas pola Biblioteca nos servizos de préstamo a domicilio e de acceso ao documento, así como o número de documentos ou copias facilitadas mediante eses servizos:

Servizos aos usuarios 2016

Fondos bibliográficos	Número de Solicitudes	Número de ítems	
Préstamo a domicilio	361	361	
Préstamo interbibliotecario	0	0	
Acceso ao documento	75	72 ítems (297 copias, 31 arq. Pdf)	
Registro Mercantil	Número de Empresas	Número de solicitudes	
		Certificacións literais	Contas e outra información
	7	2	8

Ademais dos servizos de atención personalizada, de cuxa actividade dan conta os cadros anteriores, a Biblioteca presta outros servizos de referencia e difusión da información, empregando as seguintes canles:

- O módulo OPAC que permite a todo o persoal da Institución consultar en todo momento o catálogo bibliográfico da Biblioteca, mesmo acceder a artigos de revistas a texto completo ou aos sumarios das monografías de maior interese.
- A intranet da institución que constitúe un portal único que fai visibles os recursos da Biblioteca, facilita o acceso a recursos de información virtual e permite unha difusión

práctica e áxil da información, mediante alertas ou boletíns de novidades institucionais, xurídicas ou bibliográficas.

- O correo electrónico que se emprega como complemento na difusión de novas sobre os servizos da Biblioteca ou como canle de difusión de información de interese.

No cadro de abaixo queda constancia do número de consultas efectuadas na Intranet aos recursos e servizos da Biblioteca e tamén das consultas dos fondos da Biblioteca mediante o catálogo OPAC.

Consultas 2016

Consultas no OPAC	Consultas na INTRANET					
Total OPAC	Información Xeral	Servizos	E-Biblioteca	Taboleiro	Boletín electrónico	Total Intranet
586	1.597	107	1.567	469	87	3.827

VI.4. SERVIZO DE INFORMÁTICA

VI.4.1. PROXECTOS DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN

Durante o ano 2016 o Consello de Contas incrementou as medidas preventivas en materia de seguridade da información, engadindo algunha defensa adicional que detivese os malware que alcanzan aos servidores e aos equipos de usuario. Para iso adquiriuse un novo cortalumes con novas funcionalidades, como a análise de malware na nube, que permitiu configurar políticas corporativas de filtrado de contidos.

Este mesmo ano levouse a cabo la auditoría de cumprimento das medidas de seguridade requiridas no RD 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. O obxecto desta auditoría foi a verificación do grao de cumprimento das medidas de seguridade para ficheiros automatizados e non automatizados declarados polo Consello de Contas. Este proxecto, liderado dende o servizo de informática, permitiu realizar unha revisión exhaustiva dos sistemas de información e da súa infraestrutura tecnolóxica, así como o sistema de tratamento, normas, procedementos e estándares que afectan a eses ficheiros.

VI.4.2. PROXECTOS DE SUBMINISTRACIÓNS

Durante o 2016 realizáronse melloras de equipamento de usuarios renovando ordenadores de sobremesa e monitores, así como equipamento de CDP, cun novo servidor de rede e unha consola LCD para bastidor con conmutador KVM.

VI.4.3. PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO

En canto a proxectos de desenvolvemento foi necesario abordar unha adaptación da sede electrónica relacionada co módulo de sinatura a raíz da desaparición do plugin Java nas últimas versión dos navegadores.

Na web do Consello de Contas incorporouse un Portal de Transparencia con contidos novos e organizados para dar maior visibilidade á información que debe ser obxecto de publicidade activa consonte co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Finalmente procede destacar que se realizaron novos traballos de desenvolvemento de procesos de carga e transformación de datos na ferramenta analítica de Business Intelligence, para incorporar a Conta Xeral de Entidades Locais tralas modificacións normativas en vigor a partir do ano 2015. Tamén se realizaron os procesos para a carga da información de reparos que as entidades locais realizan na plataforma de rendición de contas.

VI.4.4. OUTROS PROXECTOS

O Consello de Contas constituíuse como oficina de rexistro de certificados de empregado público da entidade certificadora Camerfirma. Isto permitirá que máis persoal da institución poida utilizar o seu certificado nos procedementos de administración electrónica xa implantados, así como nos que se están a por en marcha, como o sistema de notificacións electrónicas.

VII. ACTIVIDADE INSTITUCIONAL

O Consello de Contas participa activamente en distintos foros, tanto a nivel nacional como internacional, potenciando a proxección da Institución fóra da Comunidade Autónoma, mediante a elaboración de relatorios e comunicacións, fundamentalmente no ámbito da colaboración entre os diferentes órganos de control externo, que permiten unha adecuada difusión do labor desenvolvido por esta institución.

No ano 2016, o Conselleiro Maior representou á institución e participou nos seguintes actos e reunións:

- Reunión da Comisión de Coordinación de Comunidades Autónomas, do Tribunal de Cuentas e dos Órganos de Control Externo Autonómicos o 25 de xaneiro de 2016.
- Reunión da Comisión de Coordinación no Ámbito Local do Tribunal de Cuentas e os Órganos de Control Externo das Comunidades Autónomas, en Santiago de Compostela o día 3 de maio de 2016.
- IV Conferencia de Presidentes de ASOCEX, en Madrid o día 17 de maio de 2016.

Memoria de Actividades 2016

- VII Congreso Nacional de Auditoría Pública organizado pola FIASEP, en Toledo os días 16, 17 e 18 de novembro de 2016.
- Comisión de Coordinación de Comunidades Autónomas, Tribunal de Cuentas e Órganos de Control Externo, en Palencia o 29 de novembro de 2016.

A Institución estivo presente, a través dos seus conselleiros, en distintos actos, xornadas, seminarios e congresos celebrados a nivel nacional e internacional, entre os que cabe destacar:

- Seminario Internacional de EURORAI *Directrices para órganos regionales de control externo independientes y ejemplos prácticos de los miembros* en St Pölten (Austria) os días 28 ao 30 de abril de 2016.
- Reunión semestral da Plataforma de Rendición de Contas e da Comisión de Coordinación no ámbito local do Tribunal de Cuentas e as Organizacións de Control Externo Autonómicos, en Santiago de Compostela os días 3 e 4 de maio de 2016.
- Reunión semestral da Plataforma de Rendición de Contas e da Comisión de Coordinación no ámbito local do Tribunal de Cuentas e as Organizacións de Control Externo Autonómicos, en Madrid o día 4 de outubro de 2016.
- IX Congreso de EURORAI *Las auditorías de los órganos regionales de control externo en el ámbito de la asistencia social*, en Nantes (Francia) os días 19 ao 22 de outubro de 2016.
- Presentación do informe anual do Tribunal de Cuentas Europeo, en Madrid o 25 de outubro de 2016.
- VII Congreso Nacional de Auditoría Pública organizado por FIASEP, en Toledo os días 16, 17 e 18 de novembro de 2016.
- III Xornadas de Estudo de Servizos Xurídicos dos Órganos de Control Externo, en Sevilla o 1 de decembro de 2016.

A institución celebrou o 25 aniversario da súa creación cunha Xornada desenvolvida o 28 de outubro de 2016 coa participación do conselleiro maior, os conselleiros e o persoal do ente. A dita xornada precedeu o acto institucional de conmemoración que tivo lugar o 21 de abril de 2017 no Parlamento de Galicia.

VIII. PARTICIPACIÓN EN ORGANOS COLEXIADOS: COMISIÓN DE TRANSPARENCIA

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno crea no artigo 33.1. a Comisión de Transparencia como órgano colexiado independente adscrito ao Valedor do Pobo. A este órgano

correspóndelle a resolución das reclamacións fronte as resolucións en materia de acceso á información pública que establece o artigo 28 da dita lei.

O artigo 33.2 atribúe a presidencia ao titular do institución do Valedor do Pobo, a vicepresidencia ao adxunto ou adxunta á institución do Valedor do Pobo e as vogalías a unha persoa representante da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación da Xunta de Galicia, unha persoa representante do Consello Consultivo de Galicia, unha persoa representante do Consello de Contas e unha persoa representante da Federación Galega de Municipios e Provincias.

Por resolución do 15 de abril de 2016 nomeáronse os membros da Comisión de Transparencia, sendo designada en representación do Consello de Contas a titular da Secretaría Xeral.

Durante o ano 2016 a comisión reuniuse con periodicidade mensual.

IX. EXECUCIÓN ORZAMENTARIA 2016

IX.1. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

IX.1.1. CRÉDITOS INICIAIS. MODIFICACIÓNS E CRÉDITOS DEFINITIVOS

O orzamento de gastos do Consello de Contas correspondente ó exercicio 2016 segundo establece a Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, consigna créditos para gastar na Sección 02 denominada Consello de Contas por importe de 6.646.757€.

O destino dos créditos iniciais é financiar:

- Gastos por operacións correntes. Consignando para esta finalidade 6.277.516€, que representan o 94,45% dos créditos iniciais. Dentro do gasto corrente destacan os destinados a gastos de persoal e a gastos en bens correntes e servizos por importes de 5.096.119€ e 1.168.692€ que representan, respectivamente, o 76,67% e o 17,58% do orzamento.
- Gastos por operacións de capital e activos financeiros por importe de 333.180 e 36.061€ respectivamente e representan o 5,01% e 0,54% do orzamento inicial.

Os créditos iniciais foron obxecto das seguintes modificacións:

- Unha transferencia externa por importe de 1.224.880,03€ dando de baixa no orzamento do Consello as dotacións non utilizadas a fin de exercicio.
- E outra transferencia interna por importe de 118.469€ entre créditos do capítulo I minorando a dotación do concepto 170 "Fondos de recuperación retributiva" e

Memoria de Actividades 2016

incrementando os conceptos destinados a altos cargos, funcionarios e laboráis para financiar as recuperacións da paga extra e adicional de decembro de 2012 e importes das pagas extraordinarias de 2013.

- Estas modificacións supoñen a minoración do 18,43€ dos créditos iniciais.

Por capítulos as cifras e porcentaxes de créditos iniciais, modificacións e definitivos son:

Créditos iniciais. Modificacións e créditos definitivos

Capítulos	C. Iniciais	% créditos S/ orzamento	Modificacións		C. Definitivos	% variación capítulos
			Positivas	Negativas		
I	5.096.119,00	76,67	118.469,00	565.697,50	4.648.890,50	-8,78
II	1.168.692,00	17,58	0,00	509.172,50	659.519,43	-43,57
IV	12.705,00	0,19	0,00	4.382,92	8.322,08	-34,50
VI	333.180,00	5,01	0,00	246.045,16	87.134,84	-73,85
VIII	36.061,00	0,54	0,00	18.050,88	18.010,12	-50,06
	6.646.757,00	100,00	118.469,00	1.343.349,03	5.421.876,97	-18,43

IX.1.2. OBRIGAS E PAGAMENTOS

As obrigas recoñecidas ascenderon á cantidade de 5.421.876,97€ que supón a execución do 81,57% dos créditos iniciais.

Os pagamentos realizados importaron 5.305.471,58€ o cal supón que o 97,85% das obrigas recoñecidas durante o exercicio foron cancelados e que o 79,82% dos créditos iniciais foron gastados e pagados. Quedando pendente de pagamento obrigas por importe de 116.405,39€.

As obrigas pendentes de pagamento procedentes de exercicios anteriores por importe de 82.919,22€, foron cancelados na súa totalidade.

Por capítulos de gasto, as cifras e porcentaxes de obrigas e pagamentos son:

Obrigas e pagamentos

Capítulos	C. Iniciais	Obrigas	% Obrigas s/ c. iniciais	Pagamentos	% pagamentos s/ obrigas	% pagamentos s/ c. iniciais
I	5.096.119,00	4.648.890,50	91,22	4.601.531,44	98,98	90,30
II	1.168.692,00	659.519,43	56,43	623.641,02	94,56	53,36
IV	12.705,00	8.322,08	65,50	8.322,08	100,00	65,50
VI	333.180,00	87.134,84	26,15	53.966,92	61,94	16,20
VIII	36.061,00	18.010,12	49,94	18.010,12	100,00	49,94
	6.646.757,00	5.421.876,97	81,57	5.305.471,58	97,85	79,82

A execución por capítulos e artigos é a seguinte:

Capítulo I "gastos de persoal"

Artigos	C. Iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas S/ C. I.	% obrigas S/ total gasto	Pagamentos realizados	% Pagamentos S/ C.I.
10 "Altos cargos"	383.105,00	372.599,04	97,26	6,87	372.599,04	97,26
11 "Persoal eventual"	159.469,00	130.055,21	81,56	2,40	130.055,21	81,56
12 "Funcionarios"	3.220.077,00	3.115.979,50	96,77	57,47	3.115.979,50	96,77
13 "Laborais"	253.935,00	251.554,74	99,06	4,64	251.554,74	99,06
15 "Incentivos ao rendemento"	327.987,00	138.024,78	42,08	2,55	138.024,78	42,82
16 "Cotas, pres. gastos sociais"	751.546,00	640.677,23	85,25	11,82	593.318,17	78,95
	5.096.119,00	4.648.890,50	91,22	85,74	4.601.531,44	90,30

O importe destinado a gastos de persoal é de 5.096.119€ e representa o 76,67% do importe total do orzamento inicial. O importe gastado é de 4.648.890,50€ o que supón que o 91,22% dos créditos destinados a gastos de persoal foi gastado e o non gastado supuxo 447.228,50€.

Tendo en conta a orixe legal das obrigas de gastos de persoal, os remanentes son consecuencia fundamentalmente da non cobertura durante todo o exercicio da totalidade das prazas dotadas e existentes na relación de postos de traballo.

Capítulo II "gastos en bens correntes e servizos"

Artigos	C. Iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas S/ C. I.	% obrigas S/ total gasto	Pagamentos realizado	% pagamentos S/ C.I.
20 "Alugueros e cánones"	65.881,00	52.947,88	80,37	0,98	48.500,10	73,62
21 "Reparación, mant. e cons."	244.919,00	123.001,42	50,22	2,27	123.001,42	50,22
22 "Material, submin. e outros"	760.012,00	450.498,16	59,28	8,31	419.067,53	55,14
23 "Indemnización por razón de servizo."	84.380,00	33.071,97	39,19	0,61	33.071,97	39,19
27 "Publicacións"	13.500,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	1.168.692,00	659.519,43	56,43	12,16	623.641,02	53,36

Memoria de Actividades 2016

O importe destinado a gasto en bens correntes e servizos é de 1.168.692€ e representa o 17,58% do importe total do orzamento inicial. O importe gastado é de 659.519,43€ o que supón que o 56,43% dos créditos foi gastado e o non gastado supuxo 509.172,57€.

Estes remanentes son consecuencia dunha presupostación suficiente para asegurar o financiamento interno das decisións de gasto necesarias para o funcionamento da Institución e o seguimento dunha política de restrición de gastos, realizándose unicamente os imprescindibles.

Capítulo IV "Transferencias correntes"

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas S/ C. I.	% obrigas S/ total gasto	Pagamentos realizados	% pagamentos S/ C.I.
48 "Transf. a fam.e inst. sen ánimo de lucro	10.000,00	6.322,08	63,22	0,12	6.322,08	63,22
49 "Transferencias ao exterior"	2.705,00	2.000,00	79,94	0,04	2.000,00	73,94
	12.705,00	8.322,08	65,50	0,15	8.322,08	65,50

O importe inicial destinado a gasto en transferencias correntes é de 12.705€ e representa o 0,19% do importe total do orzamento inicial. O importe gastado é de 8.322,08€ o que supón que o gasto é o 65,50% dos créditos iniciais incrementando en 4.382,92€ o crédito inicial.

O destino das transferencias é a cobertura financeira da participación do Consello de Contas como membro da Asociación de Órganos de Control Externo Autonómicos (ASOCEX) e da Organización Europea das Institucións Rexionais de Control Externo do Sector Público (EURORAI).

Capítulo VI "Investimentos reais"

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas S/ C. I.	% obrigas S/ total gasto	Pagamentos realizados	% pagamentos S/ C.I.
62 "Inv. nov asociado ao fun. op. dos servizos"	273.265,00	71.404,47	26,13	1,32	47.930,88	17,54
63 "Inv. de rep. asociado ao func.. op. dos servizos"	59.915,00	15.730,37	26,25	0,29	6.036,04	10,07
	333.180,00	87.134,84	26,15	1,61	53.966,92	16,20

O importe destinado a gasto en investimentos reais é de 333.180,00€ e representa o 5,01% do importe total do orzamento inicial. O importe gastado é de 87.134,84€ o que supón que o 26,15% dos créditos foi gastado e o non gastado supuxo 246.045,16€.

Os remanentes son consecuencia dunha presupostación suficiente para asegurar o financiamento interno das decisións de investimento e a realización estrita das necesarias.

Capítulo VIII "Activos financeiros"

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas S/ C. I.	% obrigas S/ total gasto	Pagamentos realizados	% pagamentos S/ C.I.
83 "Concesión préstamos fóra do sector público"	36.061,00	18.010,12	49,94	0,33	18.010,12	49,94
	36.061,00	18.010,12	49,94	0,33	18.010,12	49,94

A finalidade é proporcionar cobertura financeira para conceder anticipos reintegrables, polo tanto o importe fórmulase con carácter precautorio e o gasto está en función das peticións formuladas.

O importe destinado a gasto en concesión de anticipos é de 36.061 € e representa o 0,54% do importe total do orzamento inicial. O importe concedido é de 18.010,12€ o que supón que o 49,94% dos créditos foi gastado e o non gastado supuxo 18.050,88€.

IX.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

IX.2.1. PREVISIÓNS INICIAIS, DEREITOS E RECADACIÓN.


Como consecuencia das cifras consignadas para gastos, a execución e a actividade financeira desenvolvida efectuáronse as previsións, dereitos e recadación seguinte:

Capítulos	Previsións iniciais	Dereitos recoñecidos	Recadación	Pendientes de Cobro
3 "Taxas, prezos públicos e outros ingresos"	0,00	1.730,62	1.730,62	0,00
4 "Transferencias correntes"	6.277.516,00	5.314.046,40	5.230.808,93	83.237,47
5 "Ingresos patrimoniais"	0,00	954,99	953,51	1,48
6 "Alleamento de investimentos reais"	0,00	710,00	710,00	0,00
7 "Transferencias de capital"	333.180,00	86.424,84	53.256,92	33.167,92
8 "Activos financeiros"	36.061	18.010,12	9.091,23	8.918,89
	6.646.757,00	5.421.876,97	5.296.551,21	125.325,76


A recadación dos dereitos pendentes de cobro de exercicios anteriores foi polos importes e conceptos seguintes:

Capítulos	Saldo inicial dereitos	Recadación	Pendientes de cobro
4 "Transferencias correntes"	82.919,22	82.919,22	0,00
5 "Ingresos patrimoniais"	8,85	8,85	0,00
8 "Activos financeiros"	8.450,44	7.610,58	839,86
	91.378,51	90.538,65	839,86

ANEXO
ORGANIGRAMA: FISCALIZACIÓN, PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN E AXUIZAMENTO A 31 DE DECEMBRO DE 2016



ORGANIGRAMA DE ADMINISTRACIÓN





DILIXENCIA:

Para facer constar que os presentes documentos foron aprobados polo Pleno do Consello de Contas de Galicia na sesión do día que se indican a continuación:

Documentos		APROBACIÓN PLENO
Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2016		18. 07.2017
Contas anuais da institución referentes ao exercicio 2016		18.07. 2017
Informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia:		
PT 2017	Declaración definitiva da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, exercicio 2015	27. 06.2017
PT 2017	Informe de fiscalización da Conta Xeral da Administración, exercicio 2015	27. 06.2017
PT 2017	Informe económico - financeiro das entidades instrumentais autonómicas, exercicio 2015	27. 06.2017
PT 2017	Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde, exercicio 2015	27. 06.2017
PT 2017	Informe de fiscalización de Fondos Europeos, exercicio 2015	27. 06.2017
PT 2015	Informe de fiscalización sobre a Contratación dos servizos de limpeza no ámbito hospitalario do Sergas, exercicio 2015	16.05.2017
PT 2016	Informe de fiscalización Selectiva da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 (FPUSG-061), exercicio 2014	27.06.2017
PT 2016	Informe de fiscalización Traslado de pacientes en medios extraordinarios de transporte non urxente, exercicios 2008-2015	3.07.2017
PT 2016	Informe sobre as contas rendidas no ano 2016 correspondentes ao exercicio 2015	16.05.2017
PT 2015	Informe de fiscalización do Concello de Narón, exercicio 2013	24.03.2017
PT 2015	Informe de fiscalización do Concello de Ferrol, exercicio 2013	27. 06.2017
PT 2017	Informe da Conta Xeral das Entidades Locais de Galicia, exercicio 2015	27. 06.2017

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2017

A secretaria xeral


 Consello de Contas de Galicia
 M. Luisa Cardeasín Díaz